

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 31 DE AGOSTO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trinta e un de agosto de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 24 de agosto de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 24 de agosto de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde de 25 de agosto de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica o anexo da Orde de 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia. (Diario Oficial de Galicia número 165-Bis, do día 27 de agosto de 2021).
- Orde de 27 de agosto de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica o anexo II da Orde de 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 165-Bis, do día 27 de agosto de 2021).
- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto de levantamento de actas previas á ocupación relativa á expropiación mellora de seguridade vial na DP 1704 Cambre a Carral pq0+580 a 1+070 (Cambre) 1704. (Boletín Oficial da Provincia número 164, do 30 de agosto de 2021).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 20 ao 26 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 1450/2021 e remata coa resolución da alcaldía número 1496/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1450/2021	20-08-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 24 de agosto de 2021
1452/2021	20-08-2021	Declaración de ruína de edificación sita na Xira, Sigrás. Propietarios: Herdeiros de J.C.V.
1453/2021	20-08-2021	Declaración de ruína de propiedade sita na praza San Marcos, Anceis. Propietario: F.R.C.
1455/2021	20-08-2021	Substitución de vehículo adscrito á licenza de taxi número 10.
1456/2021	20-08-2021	Declaración de obra nova de vivenda sita en Sobreguexe, Cecebre, a nome de F.J.G.B.
1457/2021	20-08-2021	Declaración de obra nova de vivenda sita no Drozo, a nome de A.A.A.
1458/2021	20-08-2021	Aprobación da xustificación e pago convenio promoción do beisbol 2019
1459/2021	20-08-2021	Declaración de obra nova de vivenda sita na Xira, Sigrás
1460/2021	20-08-2021	Reposición da legalidade urbanística pola ocupación de vía pública nas rúas Río Barcés, Río Mero 6 e Río Sil, A Barcala. Responsable: C.C. S.L
1461/2021	20-08-2021	Declaración de obra nova de vivenda en Armental, Pravio, a prol de M.J.B.D.
1462/2021	20-08-2021	Declaración de obra nova de vivenda en Barral, Bribes, a prol de F.L.L. e E.P.O.
1463/2021	20-08-2021	Declaración de obra nova no Corgo, Brexo, a prol de R.S.V.
1464/2021	20-08-2021	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos polo Convenio que ten o Concello coa ANPA Fendetestas do CEIP Wenceslao Fernández Flórez no curso escolar 2019/2020.
1465/2021	20-08-2021	Solicitude de número de policía a instancia de AVB
1466/2021	23-08-2021	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de agosto de 2021
1467/2021	23-08-2021	Desestimación da solicitude de devolución do importe da taxa da auga cobrado en exceso por avaría
1468/2021	23-08-2021	Aprobación de despesas correspondentes á taxa pola modificación substancial de centros de servizos sociais e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 63,76 euros
1469/2021	23-08-2021	Aprobación convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2021/2022



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1470/2021	24-08-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a J.V.S.
1471/2021	24-08-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a M.I.R.A.
1472/2021	24-08-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a J.F.B.M.
1473/2021	24-08-2021	Corrección da resolución 1454/2021 pola que se estima a reclamación patrimonial por danos ocasionados en vehículo, segundo indica, debido ao mal estado do firme no Canal, Cambre, o día 01-09-2019.
1474/2021	24-08-2021	Corrección de erros na licenza de agrupación e segregación de parcela sita en Armental, Pravio. Propietario: P.V.T.
1475/2021	24-08-2021	Aprobación do Plan de prevención de incendios 2021.
1476/2021	24-08-2021	Declaración de obra nova en vivenda sita na Rocha, Sigrás, inscrita a prol de M.E.P.B.
1477/2021	24-08-2021	Declaración de obra nova de vivenda sita en Sobreguexe, Cecebre, inscrita a prol de M.J.C.C.
1478/2021	24-08-2021	Orde de execución polo estado dos muros de peche da parcela que linda con camiño publico municipal 1C 10131 en Sobrecarreira, Sigrás. Propiedade: A.S.C.
1479/2021	24-08-2021	Declaración de obra nova en vivenda sita en Altamira, Anceis a prol de F.J.D.D. e M.C.G.B.
1480/2021	24-08-2021	Declaración de obra nova en vivenda sita na Cabana, Anceis, a prol de J.R.S.L.
1481/2021	24-08-2021	Notificación declaración de obra nova inmobile sito en Piñeiro, Cecebre.
1482/2021	24-08-2021	Denuncia por depósito de uralitas en parcela urbana sita en Anceis. Propietario: P.Q.A.
1483/2021	24-08-2021	Licenza de edificación para rehabilitación da vivenda sita en Crta. Estación, Cambre, promovida por F.F.M.
1484/2021	24-08-2021	Licenza de edificación para rehabilitación da vivenda sita en Crta. Estacion, Cambre, promovida por M.F.M.
1485/2021	24-08-2021	Axudas económicas 2020
1486/2021	24-08-2021	Desistencia de tarxeta estacionamento de J.N.V.
1487/2021	24-08-2021	Aprobación de facturas e gastos e recoñecemento de obrigas por importe total de 22.503,47 euros
1488/2021	25-08-2021	Autorización substitución vehículo adscrito á licenza taxi número 5.
1489/2021	25-08-2021	Avocación de competencias da sexta tenente de alcalde dona María Dolores Pan Lesta, dende o día 6 ao 14 de setembro de 2021, ambos incluídos
1490/2021	25-08-2021	Baixa e cambio do suxeito pasivo de recibos polo servizo de subministración de auga e sumidoiros, depuración e canon de auga liquidado ao contribuínte F. S.L.
1491/2021	26-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Intervención por importe total de 123.471,89 euros
1492/2021	26-08-2021	Avocación de competencias da terceira tenente de alcalde, dona Elisa Pestonit Barreiros, dende o día 27 de agosto ao día 3 de setembro de 2021, ambos incluídos
1493/2021	26-08-2021	Aprobación da conta xustificativa para a reposición de fondos de anticipos de caixa fixa núm. 3/2020, polo período comprendido do 01/07/2020 ao 30/09/2020.
1494/2021	26-08-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a N.S.L.
1495/2021	26-08-2021	Declaración de ineficacia de reforma de construción sita no lugar de Peirao
1496/2021	26-08-2021	Resolución nómina de agosto 2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000011, por procedemento aberto simplificado (cunha pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) correspondente ao "arranxo dos camiños municipais".
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Actuación de obras de impermeabilizacións de filtracións existentes no CEIP PLURILINGÜE O GRAXAL", á empresa CABODEIRO, S.L. no prezo ofertado de 10.177,11 € sen IVE, 12.314,30 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000133
- Proposta de adxudicación da obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre", a prol do licitador "Arias Infraestructuras, S.A.", no prezo ofertado de 282.452,54 euros sen IVE (341.767,57 euros IVE incluído). Expte: 2021/C003/000003
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Intervención para a mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre", á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L. no prezo ofertado de 28.900,00€ sen IVE, 34.969,00€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000125
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Senda peonil para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis-Cambre", á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L. no prezo ofertado de 20.245,00 € sen IVE, 24.496,45 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000122
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº 192 do P.K. 1+210 ao P.K. 1+440. Cela, Cambre", á empresa Excavaciones Cancela Esmoris, S.L., no prezo ofertado de 32.200,00 € sen IVE, 38.962,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000114
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000009, por procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) correspondente á "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións Led" (dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección

e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000011, por procedemento aberto simplificado (cunha pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) correspondente ao “arranxo dos camiños municipais”.**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 30 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 11 de agosto de 2021 asínase polo enxeñeiro de Camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, o proxecto denominado “Arranxo dos camiños municipais. Fase II”, cun orzamento base de licitación de de 240.492,19 € sen IVE, 290.995,55 € IVE incluído.

Dito proxecto consiste na execución de diversas obras de acondicionamento de camiños públicos dentro do termo municipal, comprendendo a mellora e arranxo dalgúns tramos dos camiños integrados no catálogo municipal, máis alá dos comprendidos no expediente de contratación, actualmente en tramitación, para o “Mantemento dos camiños municipais do termo municipal de Cambre” (exp. 2021/C003/000003), ademais do acondicionamento das zonas de aparcadoiro provisionais de Cambre e Coutelana.

Con data do 13 de agosto emítase informe polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se indica que “dado que os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, polo tanto, e desde o punto de vista urbanístico, se considera viable; sinalándose expresamente que os terreos afectados pola presente actuación son aptos urbanísticamente, para levar a cabo a súa execución”.

Con data do 13 de agosto de 2021 emítase informe pola Intervención Municipal no que expón que é posible a tramitación anticipada, xa que se atopa condicionado á aprobación definitiva dun expediente de suplemento de crédito, inicialmente aprobado o 29 de xullo de 2021, no que se inclúe unha modificación por importe de 340.000,00 € para incrementar o crédito existente no orzamento municipal do exercicio 2021 na aplicación 454.210.00, a fin de poder realizar un maior gasto en conservación e mantemento de camiños entre os que se atopa a obra que é obxecto do presente expediente, tal como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece o seguinte: “poderán tramitarse anticipadamente os contratos cuxa execución material teña que comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiación dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que vaian a financiar o contrato correspondente”.

Engade que se debe advertir nos pregos de que “en caso de non entrar en vigor o suplemento de crédito o licitador non terá dereito a indemnización algunha” e recomenda a introducción dunha condición suspensiva de xeito que o Concello poderá desistir da tramitación do expediente se no prazo de 3 meses dende a aprobación dos pregos a Intervención municipal non pode certificar a existencia de crédito.

O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 17 de agosto de 2021, asinándose a correspondente Acta de replanteo polo redactor do proxecto coa mesma data.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, de data 13 de agosto de 2021, no que se contén, entre outros, os seguintes extremos:

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 25 de agosto de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria accidental e o Interventor municipal con data 27 de agosto de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende basicamente levar a cabo diversas obras de acondicionamento de camiños públicos dentro do termo municipal, comprendendo a mellora e arranxo dalgúns tramos dos camiños integrados no catálogo municipal, máis alá dos comprendidos no expediente de contratación, actualmente en tramitación, para o “Mantemento dos camiños municipais do termo municipal de Cambre” (exp. 2021/C003/000003), ademáis do acondicionamento das zonas de aparcadoiro provisiniais de Cambre e Coutelana.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “d) infraestrutura viaria...”), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en todos os municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/1985, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000011, por procedemento aberto simplificado (cunha pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:	“Arranxo dos camiños municipais”
- Orzamento base de licitación:	290.995,55 euros IVE incluído
- Valor estimado:	264.541,40 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto):	2 meses (9 semanas)

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na disposición adicional 3ª, punto 2, da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que o presente contrato está condicionado á aprobación definitiva do expediente de suplemento de

crédito, actualmente en tramitación, no que se inclúe unha modificación por importe de 340.000,00 € para incrementar o crédito existente no orzamento municipal do exercicio 2021 na aplicación 454.210.00, a fin de poder realizar un maior gasto en conservación e mantemento de camiños, entre os que se atopa a obra que é obxecto do presente expediente. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, a adxudicación do presente contrato queda suxeita á condición suspensiva da efectiva aprobación de dito suplemento de crédito no prazo máximo de 3 meses dende a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares. En caso contrario, o Concello poderá desistir da tramitación do expediente de contratación, sen que o licitador teña dereito a indemnización algunha.

**Cuarto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, e como suplente, á arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López.

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona Mª Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Quinto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de “Actuación de obras de impermeabilizacións de filtracións existentes no CEIP PLURILINGÜE O GRAXAL”, á empresa**



**CABODEIRO, S.L. no prezo ofertado de 10.177,11 € sen IVE, 12.314,30 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000133**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 30 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 09/08/2021 asínase polo arquitecto municipal o documento denominado “Memoria Valorada” correspondente á obra “Actuación de obras de impermeabilizacións de filtracións existentes no CEIP PLURILINGÜE O GRAXAL”, con un importe base de licitación de 10.340,00 €, SEN IVE, 12.511,40 €, IVE INCLUIDO.

Con data 10/08/2021 asínase polo coordinador de Área de Educación, Deportes e Xuventude, o alcalde en funcións don Juan González Leiros e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Informe técnico de necesidade”, elaborado polo coordinador de Área de Educación, Deportes e Xuventude, correspondente á obra “Actuación de obras de impermeabilizacións de filtracións existentes no CEIP PLURILINGÜE O GRAXAL”, no que se motiva a necesidade da obra xustificando a necesidade urxente e inaprazable de acometer ditas obras indicando que:

*“O Concello debe velar pola boa conservación e mantemento dos centros escolares, por iso considérase precisa a citada contratación, xa que se trata de deficiencias que afectan ao correcto desenvolvemento da actividade escolar nas dita instalación.*

*Tras a revisión realizada por persoal municipal ás instalacións do CEIP, constátase a necesidade **urxente e inaprazable** de realizar varias actuación de cara a correxir o estado do edificio, entre as que se atopa a inspección e proba do funcionamento do canalón que parece ser a causa das filtracións e humidades que existen no corredor que conecta o edificio principal coa ampliación do CEIP, **evidenciadas polos temporais sufridos na zona en semanas pasadas.***

*Localízanse os defectos na planta primeira, e concretamente, no falso teito do corredor que conecta o volumen edificatorio do CEIP coa súa ampliación unha construción posterior”.*

Con data 03/08/2021 emítese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 323.21200 (Mantemento edificios ensino infantil e primario).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 23/08/2021 emítese informe pola dinamizadora cultural no que consta:

**“Primeiro:** No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- CABODEIRO S.L.
- NARÓN SERVICIOS DE MEDIOAMBIENTE S.L.
- TENOGA, S.L.

**Segundo:** Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta	Oferta
---------	--------	--------





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

	sen IVE	IVE incluído
CABODEIRO S.L.	10.177,11 euros	12.314,30 euros
NARÓN SERVICIOS DE MEDIOAMBIENTE S.L.	10.340,00 euros	12.511,40 euros

**Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de impermeabilizacións de filtracións existentes no CEIP PLURILINGÜE O GRAXAL, á empresa CABODEIRO S.L., con NIF B70494331, domicilio en Rúa de Viveiro, 13, baixo, loxal 1, Arteixo, no prezo ofertado de 10.177,11 € sen IVE, 12.314,30 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo”.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 27 de agosto de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 326/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 28 de agosto de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Memoria Valorada” correspondente á obra “Actuación de obras de impermeabilizacións de filtracións existentes no CEIP PLURILINGÜE O GRAXAL” elaborado polo arquitecto municipal, con un importe base de licitación de 10.340,00 €, SEN IVE, 12.511,40 €, IVE INCLUIDO.

**Segundo:** Aprobar o documento denominado “Informe técnico de necesidade” correspondente á obra “Actuación de obras de impermeabilizacións de filtracións existentes no CEIP PLURILINGÜE O GRAXAL” asinado polo coordinador de Área de Educación, Deportes e Xuventude, o alcade en funcións don Juan González Leiros e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos e elaborado polo coordinador de Área de Educación, Deportes e Xuventude no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

**Terceiro:** Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 323.21200 (Mantemento edificios ensino infantil e primario)

**Cuarto:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000133, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Quinto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de impermeabilizacións de filtracións existentes no CEIP PLURILINGÜE O GRAXAL, á empresa CABODEIRO S.L., con NIF B70494331, domicilio en Rúa de Viveiro, 13, baixo, loxal 1, Arteixo, no prezo ofertado de 10.177,11 € sen IVE, 12.314,30 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Sexto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sétimo:** Designase como responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de adxudicación da obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre", a prol do licitador "Arias Infraestructuras, S.A.", no prezo ofertado de 282.452,54 euros sen IVE (341.767,57euros IVE incluído). Expte: 2021/C003/000003**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 30 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C003/000003 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado cun único criterio de adxudicación de apreciación automática: factor prezo, da obra

“Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 400.000,00 euros IVE incluído.

Vista a valoración do único criterio contemplado na cláusula 15.3 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (factor prezo) que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 9 de agosto de 2021 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, a prol do licitador “Arias Infraestructuras, S.A.” no prezo ofertado 282.452,54 euros sen IVE (341.767,57euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación que consta na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe da enxeñeira técnica de Obra públicas municipal de data 24 de agosto de 2021.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental, de data 26 de agosto de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número JUA 329/2021 emitido polo interventor municipal con data do 29 de agosto de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 9 de agosto de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Arias Infraestructuras SA
- Canarga, S.L.
- Construcciones Cernadas SL
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- OCISAT SL

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 9 de agosto de 2021, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ao único criterio de valoración (factor prezo), así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

cálculo queda establecido en 337.153,13 euros, resultando que ningunha das ofertas presentadas se atopa nesta circunstancia:

Precio Base de Licitación	400.000,00 €			
	Precio Ofertado con IVA	Baja	% Baja	Puntuación
Arias Infraestructuras SA	341.767,57 €	58.232,43 €	14,56	100,00
Canarga SL	349.600,00 €	50.400,00 €	12,60	97,76
Construcciones Cernadas SL	380.000,00 €	20.000,00 €	5,00	89,94
Ponciano Nieto SL	388.840,00 €	11.160,00 €	2,79	87,89
Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA	388.000,00 €	12.000,00 €	3,00	88,08
OCISAT SL	399.479,99 €	520,01 €	0,13	85,55

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta o único criterio de adjudicación que consta na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (factor prezo):

EMPRESA	PUNTOS
Arias Infraestructuras, S.A.	100
Canarga, S.L.	97,76
Construcciones Cernadas, S.L.	89,94
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	87,89
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	88,08
OCISAT, S.L.	85,55

**Cuarto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 9 de agosto de 2021, adjudicar a obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre", á empresa "Arias Infraestructuras, S.A.", con NIF A150\*\*\*\* e domicilio en Paseo de Ronda 24, 1º - 15011 A Coruña (A Coruña), no prezo ofertado de 282.452,54 euros sen IVE (341.767,57euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adjudicación que consta na cláusula 15 e Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares (factor prezo), non estar incurso en presunción de ser anormalmente baixa, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

**Quinto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Sexto:** Désígnase como directora da obra á enxeñeira técnica de Obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, que exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde da obra correspóndelle á entidade "Gallega de Coordinacións, S.L." (GALCOOR) con NIF B-701\*\*\*\*, segundo o acordo adoptado pola XGL de data 6/07/2021, e coas condicións establecidas no contrato formalizado con data 14/07/2021.

**Sétimo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e á entidade encargada da coordinación de seguridade e saúde, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Oitavo:** Notifíquese á directora de obra-responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de “Intervención para a mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre”, á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L. no prezo ofertado de 28.900,00€ sen IVE, 34.969,00€ IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000125**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 30 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 22/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipais o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á obra “Intervención para a mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre”, cun importe base de licitación de 28.942,00 €, SEN IVE, 35.019,82 €, IVE INCLUIDO.

Con data 22/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipais, a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos e polo Alcalde da corporación o documento denominado “Informe técnico de necesidade”, correspondente á obra “Intervención para a mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipais, no que se motiva a necesidade da obra xustificando que “*recibidas numerosas queixas e reclamacións veciñais polo estado no que se atopan os parques infantís municipais, realizando unha inspección de todos eles, detectáronse numerosas deficiencias, o cal pode poñer en perigo aos usuarios destas intalacións, podendo chegar a provocar accidentes e reclamacións por responsabilidade patrimonial.*”

*É intención do goberno municipal destinar fondos do remanente municipal á mellora e posta a piques de todos os parques infantís municipais previo á contratación do servizo de mantemento periódico destas instalacións.*

Trátase dunha necesidade puntual non recorrente, unha actuación non planificada de necesidade urxente para adaptación deste tramo á normativa, aproveitando a existencia dos fondos a cargo do remanente municipal, fondos cos que non se contaba ata a data e, debido a que por indicacións de intervención o gasto ten que quedar esgotado antes de final de ano, urxe a súa tramitación por este procedemento e inhabilita a posibilidade de utilizar calquera outro proceso de contratación.

Dado o importe da obra (28.942,00€ IVE/IVE excluído <50.000,00 €), as datas nas que nos atopamos, en vista dos prazos administrativos mínimos para a súa licitación e adxudicación por un procedemento ou aberto, resulta moi difícil xustificar a execución da obra na data límite fixada por un procedemento aberto. Ademais, trátase dunha obra de escasa envergadura que urxe a súa execución dado que os parques infantís son instalacións municipais con moita demanda de uso e que na actualidade, non cumpre coas medidas de seguridade, propónse a tramitación urxente dun contrato menor”.

As actuacións que se pretenden levar a cabo son as seguintes:

Limpeza, pintado, reparación e reaxuste dos xogos existentes, e a reposición do pavimento de seguridade nas zonas nas que, debido ao envellecemento de leste, perdeu propiedades de amortiguación, deixando de cumprir os parámetros de seguridade.

Con data 13/08/2021 asínase o documento denominado “Conformidade técnica ao proxecto da obra” correspondente á obra “Intervención para a mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre” elaborado polo Arquitecto Municipal, José Ramón Díaz Barbeito no que se indica que “dado que os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, e polo que, dende o punto de vista urbanístico, considerase viable”.

Con data 02/08/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 171.21000 (Mantenimento infraestructuras, parques e xardíns).

Igualmente, o “INFORME DE INTERVENCIÓN 143/2021 DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBIDA COMPLEMENTARIO Á APROBACIÓN DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2021 DO ORZAMENTO PARA O ANO 2021” indica, non último parágrafo do punto 3.2: “advertir que todas as obrigacións derivadas das actuacións deste modificativo deben de ser aplicadas ao orzamento 2021 posto que a moratoria das regras fiscais termina o 31 de decembro de 2021 e crear compromisos de gasto que se materializasen en 2022 podería afectar a regra de gasto e estabilidade de exercicios futuros”.

Con data 19/08/2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que consta que:

“**Primeiro:** No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

JARDINERIA ARCE, S.L.	B15547979
SOLUCIONES TÉCNICAS DE OCIO, S.L.	B70540554
SUMINISTROS TECNICOS DEPORTIVOS, S.L.U.	B15637762

**Segundo:** Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
SOLUCIONES TÉCNICAS DE OCIO, S.L.	28.940,00€	35.017,40€
JARDINERIA ARCE, S.L.	28.900,00€	34.969,00€
SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS, S.L.U.	28.942,00€	35.019,82€

**Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, **PROPOÑO:**

*Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “Intervención para mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre”, á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L., con NIF B1554\*\*\*\*, e domicilio en rúa Manuel Murguía, 4-6 empl., no prezo ofertado de 28.900,00€ sen IVE, 34.969,00€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo”.*

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 25 de agosto de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 330, emitido polo interventor da Corporación con data do 29 de agosto de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á obra “Intervención para mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento base de licitación de 28.942,00 €, SEN IVE, 35.019,82 €, IVE INCLUIDO, e asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

**Segundo:** Aprobar o documento denominado “Informe técnico de necesidade”, correspondente á obra “Intervención para mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, e asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos e polo Alcalde de corporación, no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

**Terceiro:** Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 171.21000 (Mantenimento infraestructuras, parques e xardíns).

**Cuarto:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000125, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Quinto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de "Intervención para a mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre", á empresa JARDINERIA ARCE, S.L., con NIF B1554\*\*\*\*, domicilio en calle Manuel Murguía 4-6, enpl, 15011, A Coruña no prezo ofertado de 28.900,00€ sen IVE, 34.969,00€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Sexto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sétimo:** Designar responsable do contrato a dona Elena Bartolomé Delanöe, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Senda peonil para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis-Cambre", á empresa JARDINERIA ARCE, S.L. no prezo ofertado de 20.245,00 € sen IVE, 24.496.45 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000122**



Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 30 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipais, o documento denominado “Proxecto da obra”, correspondente á obra “Senda peonil para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis-Cambre” proxecto aprobado posteriormente pola xunta de goberno local, na súa sesión ordinaria do día 20/07/2021, con un importe base de licitación de 20.345,43 €, SEN IVE, 24.617,97€, IVE INCLUÍDO.

Con data 21/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipais, o concelleiro delegado da Área de urbanismo e polo Alcalde da Corporación o documento denominado “Informe técnico de necesidade”, correspondente á obra “Senda peonil para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis-Cambre” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipais, no que se motiva a necesidade da obra xustificando que *“é intención do goberno municipal mellorar a accesibilidade da contorna entre as instalacións municipais existente no lugar da Rocha, Anceis. Nesta contorna existe un local social, un campo de chave, unha pista polideportiva, un pavillón e unha gran chaira pavimentada, nas que, en todas elas, desenvólvense numerosas actividades a diario coa consecvente necesidade de transitar pola estrada para comunicarse entre elas.*

*O Concello de Cambre pretende realizar a conexión peonil entre o Local Social de Anceis e as instalacións deportivas existentes na súa contorna. Actualmente non existe dita conexión polo que, con esta actuación, melloraríase tanto a seguridade viaria como o propio uso destas instalacións.*

*Trátase dunha necesidade puntual non recorrente, unha actuación non planificada de necesidade urxente para adaptación deste tramo á normativa de accesibilidade, aproveitando a existencia dos fondos a cargo do remanente municipal, fondos cos que non se contaba ata a data e, debido a que por indicacións de intervención o gasto ten que quedar esgotado antes de final de ano, urxe a súa tramitación por este procedemento e inhabilita a posibilidade de utilizar calquera outro proceso de contratación.*

*Dado o importe da obra (20.345,43 € IVE/IVE excluído <50.000,00 €), as datas nas que nos atopamos, en vista dos prazos administrativos mínimos para a súa licitación e adxudicación por un procedemento ou aberto, resulta moi difícil xustificar a execución da obra na data límite fixada por un procedemento aberto. Ademais, trátase dunha obra de escasa envergadura que urxe a súa execución polo perigo que supón a situación actual para vos veciños ao ter que transitar pola estrada sen beirarrúas en ningunha das marxes, non existindo a posibilidade de moverse a persoas con mobilidade recucida, propónse a tramitación urxente dun contrato menor”.*

As actuacións que se pretenden levar a cabo son as seguintes:

*“Proxéctase a execución unha beirarrúa de 2 metros de ancho por un das marxes do viario de servizo que discorre paralelo á Autovía A-6 na contorna do local social e as instalacións deportivas da parroquia de Anceis.*

*Esta beirarrúa será de formigón armado fratasado, e desenvólvese nunha lonxitude aproximada de 120 metros lineais.*

*Estas beirarrúas rematase, nuns 80 metros, cun caz de modo que evacuen a auga de pluviais recollida ata os sumidoiros conectados á rede de saneamento que se renova con tubería de polipropileno de 400 mm de diámetro.*

*Está previsto realizar a canalización enterrada, a modo de preinstalación, para a futura realización do cableado de iluminación pública. Así mesmo realizarase a sinalización horizontal das marcas viarias da calzada afectada bandas continuas ás marxes da calzada e cebreado proposto nos planos de actuación. Acondicionaranse as zonas verdes da contorna en base ao previsto no orzamento e nos planos”.*

Con data 06/08/2021 asínase o documento denominado “Conformidad técnica ao proxecto da obra” correspondente á obra “Senda peonil para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis-Cambre” elaborado polo Arquitecto Municipal, José Ramón Díaz Barbeito, no que se indica que *“dado que os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, e polo que, dende o punto de vista urbanístico, considerase viable”.*

Con data 23 de agosto 2021 emítese informe pola Intervención Municipal no que expón que é posible a tramitación anticipada, xa que se atopa condicionado á aprobación definitiva dun expediente de suplemento de crédito, inicialmente aprobado o 29 de xullo de 2021, no que se inclúe unha modificación por importe de 25.000,00 € para incrementar o crédito existente no orzamento municipal do exercicio 2021 na aplicación 454.619.00, a fin de poder realizar un maior gasto en conservación e mantemento de camiños entre os que se atopa a obra que é obxecto do presente expediente, tal como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, que establece o seguinte: *“poderán tramitarse anticipadamente os contratos cuxa execución material teña que comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiación dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que vaian a financiar o contrato correspondente”.*

Igualmente, o “INFORME DE INTERVENCIÓN 254/2021 DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA COMPLEMENTARIO Á APROBACIÓN DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2021 DO ORZAMENTO PARA O ANO 2021” indica: *“advertir que todas as obrigacións derivadas das actuacións deste modificativo deben de ser aplicadas ao orzamento 2021 posto que a moratoria das regras fiscais termina o 31 de decembro de 2021 e crear compromisos de gasto que se materializasen en 2022 podería afectar a regra de gasto e estabilidade de exercicios futuros”.*

Con data 17/08/2021 emítese informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que consta que:

**“Primeiro:** No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- JARDINERIA ARCE, S.L.	B15547979
- CANARGA, S.L.	B15360902
- CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713

**Segundo:** Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
JARDINERIA ARCE, S.L.	20.245,00€	24.496.45€
CANARGA, S.L.	20.345,43€	24.617,97€
EXCAVACIONES LÓPEZ CAO, S.L.	20.345,43€	24.617,97€

**Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, **PROPOÑO:**

*Adjudicar o contrato menor correspondente á obra de “Senda peatonal para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis, Cambre”, á empresa JARDINERIA ARCE, S.L., con NIF B15547979, domicilio en calle Manuel Murguía 4-6, enpl, 15011, A Coruña no prezo ofertado de 20.245,00€ sen IVE, 24.496.45€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo”.*

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 25 de agosto de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 323, emitido polo interventor da Corporación con data do 28 de agosto de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

Vista a acta de replanteo levantada ao efecto con data de 30 de agosto de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Informe técnico de necesidade”, correspondente á obra “Senda peatonal para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis, Cambre” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento base de licitación de 20.345,43 €, SEN IVE, 24.617,97 €, IVE INCLUIDO, e asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de urbanismo e polo Alcalde de corporación, no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

**Segundo:** O presente expediente de contratación está suxeito a tramitación anticipada, de conformidade co establecido na Disposición adicional 3ª. Punto 2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público. Esta circunstancia débese a que o presente contrato está condicionado á aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito, actualmente en tramitación, no que se inclúe unha modificación por importe de 25.000,00 € para incrementar o crédito existente no orzamento municipal do exercicio 2021 na aplicación 454.619.00, a fin de poder realizar un maior gasto en conservación e mantemento de camiños, entre os que se atopa a obra que é obxecto do presente expediente. Por tanto, tal e como se contempla na disposición adicional 3ª.2. da Lei 9/2017 de Contratos do sector público, **a adjudicación do presente contrato queda suxeito á condición suspensiva da efectiva aprobación de dito suplemento de crédito** no prazo máximo de 3 meses dende a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares. En caso contrario, o Concello poderá desistir da tramitación do expediente de contratación sen que o licitador teña dereito a indemnización algunha.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000122, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de "Senda peatonal para accesibilidade entre o local social e as instalacións deportivas municipais, Anceis. Cambre", á empresa JARDINERIA ARCE, S.L., con NIF B15547979, domicilio en calle Manuel Murguía 4-6, enpl, 15011, A Coruña no prezo ofertado de 20.245,00€ sen IVE, 24.496.45€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar responsable do contrato a dona Elena Bartolomé Delanöe, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**F) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de "Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº 192 do P.K. 1+210 ao P.K. 1+440. Cela, Cambre", á empresa Excavaciones Cancela Esmoris, S.L., no prezo ofertado de 32.200,00 € sen IVE, 38.962,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000114**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 31 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 02/07/2021 asínase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal a memoria valorada correspondente á obra “Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº192 do P.K. 1+210 AO P.K. 1+440. CELA, CAMBRE”, cun importe base de licitación de 32.410,03 €, sen IVE, 39.216,14 €, IVE incluído.

Con data 22/07/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipais, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Informe técnico de necesidade”, correspondente á obra “Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº192 do P.K. 1+210 AO P.K. 1+440. CELA, CAMBRE.” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipais, no que se motiva a necesidade da obra xustificando que “É intención do goberno municipal dar resposta a petición veciñal de mellorar seguridade na súa accesibilidade peonil dotando das medidas necesarias que garantan a mesma, debido á carencia de sendas peonís que sirvan de resguardo ao peón en concreto nun tramo do camiño municipal nº1 192, PK 1 210 ao PK 1 440, parroquia de Cela.

*Preténdese dotar ao camiño N.º 192 dunha senda peonil que discorra entre os PKS: 1 210 ao 1 440, e que mellore e aumente a seguridade viaria no este tramo, cuxo trazado discorre pola parroquia de Cela. Non se modifica o trazado do camiño, pero si disporanse de sendas peonís asfaltadas no tramo final, sendo necesario o recrecemento do muro de dique existente entre os pks: 1 230 ao 1 308*

*Trátase dunha necesidade puntual non recorrente, unha actuación non planificada de necesidade urxente para adaptación deste tramo á normativa de accesibilidade, aproveitando a existencia dos fondos a cargo do remanente municipal, fondos cos que non se contaba ata a data e, debido a que por indicacións de intervención o gasto ten que quedar esgotado antes de final de ano, urxe a súa tramitación por este procedemento e inhabilita a posibilidade de utilizar calquera outro proceso de contratación.*

*Dado o importe da obra (32.410,03 € IVE excluído <50.000,00 €), as datas nas que nos atopamos, en vista dos prazos administrativos mínimos para a súa licitación e adxudicación por un procedemento aberto, resulta moi difícil xustificar a execución da obra na data límite fixada por un procedemento aberto. Ademais, trátase dunha obra de escasa envergadura que urxe a súa execución polo perigo que supón a situación actual para os veciños ao ter que transitar pola estrada sen beirarrúas en ningunha das marxes, non existindo a posibilidade de moverse a persoas con mobilidade reducida, propónse a tramitación urxente dun contrato menor”.*

As actuacións que se pretenden levar a cabo son as seguintes:

Executarase un recrecido do muro de dique existente situados entre os pks. mencionados a fin de obter en coroación un ancho superior ao de senda peonil actual, tal e como se reflicte no documento planos.

En síntese, as principais actuacións que levarán a cabo son:

- Muro de dique granítica, cimentación e alzados.
- Pavimentación con M.B.C. tipo AC16 SURF 50/70 en beirarrúas de 5 cm. de espesor, previo escarificado ou cajeo, achega, estendido e compactado de zahorra artificial se procede.
- Rígola formada por estendido de formigón en masa HM-20/P/20/ I, procedente de central en 5 cm de espesor e 15 cm de anchura, vertido desde camiión, estendido e vibrado manual con regra, con acabado maestreado, segundo pendentes da rasante da senda peonil á que acompaña e colocado sobre chaira convenientemente compactada.
- Desmorte e reposición de cerramento existente formado por malla metálica de 2,0 m de altura ,con medios manuais, e carga manual á área de provisión dentro da propia obra.

- Acondicionamento de drenaxe e entradas a parcela en áreas anexas a senllos lindeiros da casa titular da mesma, mediante escavación en cajeo de 20 cm de espesor medio, achega e posta en obra de zahorra no este espesor, estendida e compactada, así como subministración e posta en obra de M.B.C. tipo AC16 SURF 50/70 en 5 cm. de espesor.
- Achegue e colocación de cancela e valado mediante panel de malla electrosoldada con pregues de reforzo, de 200x50 mm de paso de malla, reducido a 50x50 mm nas zonas de pregue, e 6 mm de diámetro, de 2,50x2,00 m, acabado galvanizado e plastificado en cor verde RAL 6015 con postes en aceiro pintado de perfil oco de sección rectangular, de 60x40x2 mm, encaixados en dados de formigón. Mesmo p/p de reformulo, apertura de ocós, recheo de morteiro para recibido dos montantes, colocación da malla e accesorios de montaxe.

Con data 03/08/2021 emítense documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 454.61900 (Outras intervencións. Reposición camiños veciñais).

Igualmente, no Informe de Intervención 254/2021 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda complementario á aprobación do suplemento de crédito 3/2021 do Orzamento para o ano 2021, polo que se suplementa a aplicación orzamentaria que consta no documento de retención de crédito, faise constar: "Advertir que todas las obligaciones derivadas de las actuaciones de este modificativo deben de ser aplicadas al presupuesto 2021 puesto que la moratoria de las reglas fiscales termina el 31 de diciembre de 2021 y crear compromisos de gasto que se materializasen en 2022 podría afectar a regla de gasto y estabilidad de ejercicios futuros".

Con data 20/08/2021 emítense informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que consta que:

**"Primeiro:** No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

JARDINERIA ARCE, S.L.	B15xxxx79
CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	B15xxxx13
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	B15xxxx45
EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS, S.L.	B15xxxx06

**Segundo:** Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
JARDINERIA ARCE, S.L.	32.400,00€	39.204,00€
CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	32.410,03€	39.216,14€
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	NON PRESENTA	
EXCAVACIONES J.CANCELA ESMORIS, S.L.	32.000,00€	38.962,00€

**Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, **PROPOÑO:**

Adjudicar o contrato menor correspondente á obra de "Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº 192 do p.k. 1+210 ao p.k. 1+440, Cela. Cambre", á empresa EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS, S.L., con NIF B15xxxx06, e domicilio en Avda. Praia, Parcela 110 C, 2º no prezo ofertado de 32.000,00€ sen IVE, 38.962,00€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo".

Faise constar que no informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 20/08/2021 existe un erro material na transcripción do importe sen IVE ofertado por "Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.", de xeito que onde di: 32.000,00 €, debe dicir: 32.200,00 €, polo que a proposta queda redactada:

*«Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de "Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº 192 do p.k. 1+210 ao p.k. 1+440, Cela. Cambre", á empresa EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS, S.L., con NIF B15xxxx06, e domicilio en Avda. Praia, Parcela 110 C, 2º no prezo ofertado de 32.200,00€ sen IVE, 38.962,00€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo".»*

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 30 de agosto de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 331, emitido polo interventor da Corporación con data do 30 de agosto de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada correspondente á obra "Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº192 do P.K. 1+210 AO P.K. 1+440. CELA, CAMBRE", cun importe base de licitación de 32.410,03 €, sen IVE, 39.216,14 €, IVE incluído, asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal con data 2 de xullo de 2021.

**Segundo:** Aprobar o documento denominado "Informe técnico de necesidade", correspondente á obra "Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº192 do P.K. 1+210 AO P.K. 1+440. CELA, CAMBRE", asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro delegado de Urbanismo e Obras e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, con data 22 de xullo de 2021, no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

**Terceiro:** Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 454.61900 (Outras intervencións. Reposición camiños veciñais).

**Cuarto:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000114, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector

público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Quinto:** Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “*Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº192 do P.K. 1+210 AO P.K. 1+440. CELA, CAMBRE*”, á empresa Excavaciones Cancela Esmoris, S.L., con NIF B15XXX06, no prezo ofertado de 32.200,00 € sen IVE, 38.962,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Sexto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sétimo:** Designar responsable do contrato a dona Elena Bartolomé Delanöe, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**G) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000009, por procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) correspondente á “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións Led” (dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 31 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:



“O Pleno municipal, en sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2020, aprobou a participación do Concello de Cambre no procedemento de concesión de subvencións regulado polo Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro (BOE núm. 314, do 29 de decembro de 2018), e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril (BOE núm. 130, do 30 de abril de 2019), así como as actuacións incluídas no proxecto singular “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante a implementación de solucións LED” e as memorias descritivas das actuacións para realizar.

Este acordo foi modificado en sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal, de data 16 de marzo de 2020, tralo requirimento de emenda recibido do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía ( IDAE).

Con data 3 de xuño de 2020 recíbese resolución do IDAE, rexistrada de saída deste organismo ao núm. 202000004299 o día 1 de xuño de 2020, e posteriormente modificada por Resolución do 18/03/2021 rexistrada de saída ao nº 202100003025, pola que se concede ao Concello de Cambre unha axuda por importe máximo de 1.480.620,71 euros, segundo desagregación que consta na citada Resolución, e establécense as condicións e termos para o seu outorgamento.

O Pleno do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria do día 15 de xuño de 2020, acordou aceptar a axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía ( IDAE), por importe máximo de 1.480.620,71 euros, ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro, e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto de “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante a implementación de solucións LED”, e aceptar os termos e as condicións establecidas na Resolución do IDAE, rexistrada de saída ao núm. 202000004299 o día 1 de xuño de 2020, para a concesión da axuda.

Co fin de levar a cabo as actuacións subvencionadas, tramitouse no Concello de Cambre o expediente nº 2020/C004/000025, para adxudicación do servizo de asistencia técnica que ten por obxecto a redacción dos proxectos, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de mellora da eficiencia enerxética na iluminación do Concello de Cambre, que foi adxudicado ás entidades Letter Ingenieros S.L. (lotes 1 ao 4 – redaccións de proxectos e direccións de obras e xustificación documental en Cambre, A Barcala, O Temple e Polígono Espiritu Santo) e IPRENOR (lote 5 – coordinación seguridade e saúde) e asinados os contratos con data do 30/12/2020 e 05/01/2021 respectivamente.

No mes de xullo de 2021 elabóranse os catro proxectos correspondentes ás zonas de Cambre, A Barcala, O Temple e Polígono Espiritu Santo, que son elaborados polo enxeñeiro técnico industrial don Alberto Ochando Ramírez, da empresa “Lettes Ingenieros, S.L.”, e conformados tecnicamente polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos don Óscar Souto Muiño, con data do 30 de xullo de 2021. Con data do 12 de agosto de 2021 emítase polo mesmo funcionario o informe de supervisión ao proxecto do Lote nº 3 , de conformidade co artigo 235 LCSP.

Con data do 3 de agosto emítase informe urbanístico favorable polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre aproba os proxectos con data do 3 de agosto de 2021, asinándose acta de replanteo correspondente ás catro actuacións a realizar con data do 4 de agosto de 2021.

Con data do 4 de agosto de 2021 asínase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, un informe técnico de necesidade, modificado por informe posterior do 12 de agosto de 2021, no que se conteñen os antecedentes, criterios de selección, valor estimado dos contratos e requisitos técnicos mínimos, e se propón o inicio do expediente contractual, tendo en conta que, con base na subvención concedida, a data **para a xustificación da formalización dos contratos de obras é o 3 de decembro de 2021, e o prazo máximo para a conclusión das obras e xustificación das mesmas é o 3 de decembro de 2022.**

Os lotes nos que se divide o contrato, cos seus correspondentes importes, son os seguintes:

**LOTE Nº1:** CAMBRE:

- Prezo sen IVE : 273.684,90
- IVE ( 21 %) : 57.473,83
- Total : 331.158,73

**LOTE Nº2:** A BARCALA :

- Prezo sen IVE : 287.158,31
- IVE ( 21 %) : 60.303,25
- Total : 347.461,56

**LOTE Nº3:** O TEMPLE :

- Prezo sen IVE : 569.672,05
- IVE ( 21 %) : 119.631,13
- Total : 689.303,18

**LOTE Nº 4:** POLÍGONO ESPÍRITU SANTO :

- Prezo sen IVE : 297.072,60
- IVE ( 21 %) : 62.385,25
- Total : 359.457,85

**TOTAL PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO: 1.727.381,31 euros, IVE incluído**

Con data do 31 de xullo de 2021 emítense documento de retención de crédito pola Intervención Municipal, por importe de 401.604,69 euros (partida correspondente ao gasto da anualidade 2021), con cargo á aplicación orzamentaria 165.60900

O Pleno municipal, con data do 26 de agosto aprobou a “elevación de porcentaxes do proxecto plurianual de gastos “Mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED”.

O importe deste contrato está cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional no marco “Programa Operativo FEDER de crecemento sosteñible 2014-2020” (BOE nº 144 de 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (B.O.E. nº 314, de 29 de decembro de 2018), e o

Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (B.O.E. nº 130, de 30 de abril de 2019), dentro do Obxectivo Temático 4 – Economía Baja en Carbono.

O obxectivo específico no que se enmarca a operación é “OE 431. Eficiencia energética en la edificación y en las Infraestructuras y servicios Públicos.”

Consta a providencia de data 30 de agosto de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaria accidental e o Interventor municipal con data do 30 de agosto de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende atopar solucións de iluminación máis axeitadas que as actualmente implantadas, que permitan cumprir cos requirimentos do RD 1890/2008, o que garanta uns niveis de iluminación axeitados e un consumo reducido, acadando os mínimos operativos esixidos, e ao tempo obter un importante aforro enerxético, que deberá ser, tal e como impón o RD citado, como mínimo dun 30 %. Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “b) Medio ambiente urbán: en particular...protección contra a contaminación..lumínica...nas zonas urbanas”*), tratándose ademais a iluminación pública dun servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/85, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000009, por procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:

*“Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións Led”  
(dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020)*

O obxecto do contrato divídese en catro lotes, correspondentes a diferentes zonas de actuación, sendo éstos os seguintes :

Lote 1 : Cambre  
Lote 2 : A Barcala  
Lote 3 : O Temple  
Lote 4 : Polígono Espírito Santo

- Orzamento base de licitación:

**LOTE Nº1: CAMBRE:**

- Prezo sen IVE : 273.684,90
- IVE ( 21 %) : 57.473,83
- Total : 331.158,73

**LOTE Nº2: A BARCALA :**

- Prezo sen IVE : 287.158,31
- IVE ( 21 %) : 60.303,25
- Total : 347.461,56

**LOTE Nº3: O TEMPLE :**

- Prezo sen IVE : 569.672,05
- IVE ( 21 %) : 119.631,13
- Total : 689.303,18

**LOTE Nº 4: POLÍGONO ESPÍRITU SANTO :**

- Prezo sen IVE : 297.072,60
- IVE ( 21 %) : 62.385,25
- Total : 359.457,85

**TOTAL PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO: 1.727.381,31 euros, IVE incluído**

- Valor estimado:

LOTE	VALOR ESTIMADO DE CADA LOTE
<b><u>LOTE Nº1:</u> CAMBRE</b>	273.684,90 + 10 % de posibles modificacións non previstas (27.368,49) = 301.053,39 euros
<b><u>LOTE Nº2:</u> A BARCALA</b>	287.158,31 + 10 % de posibles modificacións non previstas (28.715,83) = 315.874,14 euros
<b><u>LOTE Nº3:</u> O TEMPLE</b>	569.672,05 + 10 % de posibles modificacións non previstas (56.967,20) = 626.639,26 euros
<b><u>LOTE Nº 4:</u> POLÍGONO ESPIRITU SANTO</b>	297.072,60 + 10 % de posibles modificacións non previstas (29.707,26) = 326.779,86 euros
<b>TOTAL VALOR ESTIMADO</b>	<b>1.570.346,65 euros</b>

- Prazo de execución (fixado nos proxectos):

O prazo de execución de cada lote establecido nos proxectos é de 11 meses, se ben se contempla como criterio de valoración a redución deste prazo, admitíndose como máximo unha redución de 2 meses sobre o prazo previsto, polo cal o prazo de execución poderá reducirse de conformidade coas ofertas

presentadas ata un mínimo de 9 meses

Tendo en conta a subvención concedida ao Concello de Cambre, o prazo máximo para a conclusión das obras e xustificación das mesmas é o 3 de decembro de 2022.

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 156 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto correspondente á anualidade 2021, por importe de 401.604,69 €, IVE incluído, por conta da aplicación orzamentaria 165.60900.

O Pleno municipal, con data do 26 de agosto aprobou a “elevación de porcentaxes do proxecto plurianual de gastos “Mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED”.

**Cuarto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz, e como suplente , a enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanöe.

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Quinto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López